



AGAMFEC
ASOCIACIÓN GALEGA DE MEDICINA
FAMILIAR E COMUNITARIA



CURSOS AGAMFEC 2016

SOPORTE VITAL AVANZADO CARDIO-TRAUMATOLÓXICO (PLAN ESVAP) II EDICIÓN 2016

FASE ONLINE: 29 OUTUBRO-23 NOVEMBRO 2016
FASE PRESENCIAL: 24-25 NOVEMBRO 2016

CENTRO CULTURAL MARCOS VALCÁRCEL (OURENSE)



XORNADA 1

24 NOVEMBRO 2016



HORARIO	ACTIVIDADE PROGRAMADA
09:00 – 09:30	Teórica: PRESENTACIÓN, EXAME TEÓRICO INICIAL
09:30 – 10:00	Teórica: SOPORTE VITAL BÁSICO
10:00 – 10:30	Obradoiro: PRÁCTICAS DE SOPORTE VITAL BÁSICO
10:30 – 11:30	Obradoiro: PRÁCTICAS DE ARRITMIAS PERIPARADAS
11:30 – 12:30	Obradoiro: PRÁCTICAS DE VÍA AÉREA
12:30 – 14:00	Obradoiro: PRÁCTICA INTEGRADA CARDIO-TRAUMA
16:00 – 17:30	Obradoiro: PRÁCTICAS DE TRAUMA: Retirada Casco, Kendrick e Decubito Irregular
17:30 – 18:00	Teórica: ATENCIÓN INICIAL Ó PACIENTE POLITRAUMATIZADO
18:00 – 18:30	Teórica: TRAUMA TCE, TORACO ABDOMINAL E EXTREMIDADES
18:30 – 18:45	Descanso
18:45 – 21:00	Obradoiro: PRÁCTICA INTEGRADA Cardio-Traumatolóxico



XORNADA 2

25 NOVEMBRO 2016



HORARIO	ACTIVIDADE PROGRAMADA
09:00 – 09:30	Teórica: SITUACIÓNS ESPECIAIS
09:30 – 10:00	Teórica: Sedación, analxesia e relaxación neuromuscular: SRI
10:00 – 12:00	Obradoiro: Práctica integrada en trauma /cardio
12:00 – 12:15	Descanso
12:15 – 14:00	Repaso: Grupos A-B-C
16:00 – 16:30	Exame teórico
16:30 – 18:45	Práctica Integrada en trauma/cardio
18:45 – 19:00	Descanso
19:00 – 21:00	Exame práctico. ENQUISA DE SATISFACCIÓN



OBJETIVOS



XERAIS

Coñecer o substrato teórico e as habilidades técnicas que configuran o soporte vital avanzado co fin de previr e tratar o paro cardiorrespiratorio, así como o tratamento inicial avanzado do paciente politraumatizado.

ESPECÍFICOS

Unha vez superado o curso, o alumno será capaz de:

- Recoñecer a perda de consciencia.
- Realizar a apertura da vía aérea.
- Diagnosticar unha parada cardiorrespiratoria.
- Realizar adecuadamente as manobras de RCP básica.
- Realizar o illamento da vía aérea.
- Manexar adecuadamente as vías venosas.
- Coñecer o manexo das drogas que se utilizan no tratamento da PCR.
- Monitorizar o paciente para recoñecer e tratar as arritmias máis frecuentes.
- Realizar as técnicas de desfibrilación, cardioversión e electroestimulación cardíaca transcutánea.
- Integrarse no equipo de tratamento da PCR como director ou como parte do mesmo.
- Empregar os medios de inmovilización máis axeitados.
- Mobilizar e extricar a pacientes accidentados.
- Integrar a RCP en situacións de pacientes politraumatizados.
- Ofrecer ao paciente crítico un tratamento inicial integral dacordo á súa patoloxía.



INFORMACIÓN XERAL



DOCENTES

Instructores de Soporte Vital Avanzado do Programa ESVAP da semFYC (Sociedad Española de Medicina Familiar y Comunitaria) e persoal docente con actividade habitual nas emerxencias médicas.

DIRIXIDO A

Médicos e DUE con especialidade de urxencias intra e extrahospitalarias, e médicos coa especialidade de medicina familiar e comunitaria. Por iso, seleccionaranse as solicitudes en base a: Lugar de actividade profesional habitual (valorarase o desempeño de actividade en servizos de urxencias) e número de pacientes atendidos ó ano en servizo de traballo habitual (valorarase o maior número de pacientes)

PERTINENCIA DA ACTIVIDADE

Necesidades ás que responde:

- Profesionais: Completar e reforzar unha área esencial para o correcto desempeño do traballo profesional habitual.
- Necesidades detectadas de acordo ao estudio Delphi: As necesidades de formación do persoal sanitario da rede asistencial do SERGAS.

Método de detección empregado:

- Demanda habitual deste tipo de formación por parte dos profesionais.
- Enquisas dirixidas.
- Demanda vía Internet a nosa páxina Web.



INFORMACIÓN XERAL



METODOLOXÍA DOCENTE

O curso consta dunha parte de clases teóricas e outra de desenvolvemento de obradoiros prácticos para adquirir as habilidades específicas das técnicas de RCP avanzada cardiotoraxolóxica.

ACREDITACIÓN

Todos os alumnos recibirán un diploma do curso realizado que será emitido polo Comité Autonómico de RCP e programa ESVAP da semFYC.

A lista de alumnos que teñan realizado o curso será enviada á Secretaría do Comité de RCP, así como o programa impartido e un resumo dos resultados da enquisa.

Comisión Autónoma de Formación Continuada do Plan Nacional de Salud.

AVALIACIÓN

Requirimentos para a obtención de créditos:

- Asistencia ao 100% das clases teóricas e prácticas.
- Exame teórico tipo test: require superar o 75% das preguntas.
- Exame de práctica integrada: simulación dunha situación de parada cardiorrespiratoria que debe ser tratada polo alumno como director do equipo.

Aviación dos docentes:

- Enquisa de satisfacción por parte dos alumnos.
- O curso debe ser superado por máis do 80% dos asistentes.



ACREDITACIÓN SOLICITADA Á COMISIÓN DE FORMACIÓN CONTINUADA SNS



OUTROS DATOS



SEDE

CENTRO CULTURAL MARCOS VALCÁRCEL

Rúa do Progreso 30, Ourense

Número de alumnos: 20 Duración: 20 horas

COTAS DE INSCRIPCIÓN

Alumno socio da AGAMFEC: 240,00 €

Alumno non socio da AGAMFEC: 340,00 €

As inscricións constarán como formalizadas unha vez feito o ingreso bancario na conta que se lle facilitará unha vez remita a pre-inscrición (será necesario o envío do xustificante).

Pode face-la pre-inscrición achegando nun correo electrónico os seus datos persoais: Nome completo, DNI, dirección, código postal, centro de traballo, teléfono de contacto e dirección de correo electrónico, á dirección: secretaria@agamfec.com ou ben vía online accedendo á páxina web: www.agamfec.com no apartado ACTIVIDADES FORMATIVAS.

Unha vez cubertas as prazas establecerase un listado de espera por se se produxesen baixas.

A organización resérvase o dereito de transferir as prazas canceladas ós interesados da lista de espera.

MÁIS INFORMACIÓN

AGAMFEC (Asociación Galega de Medicina Familiar e Comunitaria)

<http://www.agamfec.com/contacte-con-agamfec/>

e-mail: secretaria@agamfec.com